

MANUEL RODRIGUE LÓPEZ GALEGO DE NACIÓN E CATALÁN DE ADOPCIÓN

Adolfo de Abel Vilela

Coñecín en Lugo a Manuel Oreste Rodríguez López a través do meu curmán Alfredo González Vilela un verán da década dos 80 do século pasado. Aquel home, non moi alto, con lentes, de voz pausada, chamoume a atención por dúas cousas, unha a súa humildade e outra o seu apego á terra onde naceu. A pesar de que nela non se criou, aprendeu a falar e a escribir en galego coa mesma facilidade coa que o facía co catalán e o castelán. Eu vin a rapaces cataláns, que son fillos de galegos de terceira xeración, falando galego, un exemplo para moitos dos que naceron e viven aquí e que son incapaces de articular unha palabra na nosa lingua.

Estaba ante un dos miles de fillos de emigrantes que tiveron que deixar Galicia cos seus pais, no seu caso coa súa nai, cando só tiña seis anos, para buscar en Cataluña un medio de vida que fose mellor que o que tiña na súa Paradela de orixe.

Aínda que se adoita dicir que non se é de onde se nace, senón de onde se pance, Manuel foi sempre un galego en Cataluña. Formouse no Seminario Menor da Conreria situado en Badalona, na serra de Marina, onde estudou o bacharelato, Humanidades e Filosofía. Decidiu non seguir os estudos eclesiásticos e formouse en contabilidade e lexislación laboral o que lle permitiu entrar a traballar na empresa OSSA que se dedicaba a fabricar proxectores de cine e motos. Alí foi onde o coñeceu o meu curmán, ao coincidir na empresa durante un curto tempo.

Por certo que tivo unha gran influencia na súa traxectoria como cantautor, pois aínda que o meu curmán xa empezara a musicar algúns poemas na súa etapa de estudante no Seminario de Lugo, recomendoulle que continuase logo de poñer música a moitos dos seus poemas.

Contábame Alfredo que sempre levaba un bloc pequeno para tomar notas do que vía no metro ou no autobús da fábrica no seu diario desprazamento. Aqueles apuntes servíanlle como ao pintor para pintar un cadro. A súa gran paixón era a poesía e raro era o día en que non compoñía algo. Nelas reflectía a problemática social do obreiro nunha grande urbe industrial. Pero o que tamén sorprende é o seu coñecemento do medio no que naceu, aínda que non viviu nel, reflectíndoo na súa obra coma se realmente nunca o abandonase.

Manuel Rodríguez foi sen dúbida, o cronista dos galegos en Cataluña. Foi o seu voceiro, como outrora o facían algúns dos emigrados a América. Moi relacionado con todos os Centros Galegos de Cataluña, foi directivo e membro moi activo do de Barcelona. Calquera acto que se desenvolvese neles, reflectíao nunha crónica que enviaba para publicar nos medios escritos galegos, como *El Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *El Progreso*, *El Correo Galego* e outros. Tal é así que cando Jordi Pujol, sendo presidente da Generalitat, veu a Galicia por primeira vez en viaxe oficial, tróuxoo como cronista.

Da súa preocupación polo emigrante galego en Cataluña, do seu desexo de

dar del unha visión distinta á do exclusivamente proletario, é a súa obra Galegos en Cataluña, en dous volumes, no que entrevistou a moitos dos que triunfaran en diversos sectores profesionais que eran a outra cara da nosa emigración, a súa lectura positiva.

En Cataluña educouse, e alí formou unha familia con Irene, natural do concello de O Páramo limítrofe co de Paradela, e alí naceron e se formaron os seus dous fillos, Enrique e Santiago, tamén emigrado a o Reino Unido, un prestixioso e brillante científico no campo da bioloxía. Alí estivo ata que pechou a empresa na que traballaba. Foi entón cando regresou á orixe e fíxoo continuando o seu labor divulgador do país, nalgún caso coa colaboración de Ánxel Fole, co que viaxou por diversos lugares de Galicia, para recoller a visión que o escritor tiña desta terra, a través dos comentarios que lle facía como acompañante.